

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**17040** *Real decreto 1437/2010, do 5 de novembro, polo que se declara de aplicación para os membros do corpo da Garda Civil o Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, que aproba as reais ordenanzas para as Forzas Armadas.*

As reais ordenanzas para as Forzas Armadas constitúen o código de conduta dos militares, definen os principios éticos e as regras de comportamento que deben servir de guía a este colectivo para o cumprimento dos deberes que lles asigna o ordenamento xurídico.

Mediante o Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, aprobáronse as reais ordenanzas vixentes, que substituíron as anteriores de 1978 para adaptalas á nova configuración legal do réxime de carreira profesional dos militares, derivada das sucesivas leis ditas en materia de réxime do persoal das Forzas Armadas, da carreira militar e da defensa nacional.

Respecto á aplicación deste código deontolóxico ao corpo da Garda Civil, dada a súa natureza e a condición de militar dos seus compoñentes, o artigo 2.2 optou por remitir á súa normativa específica a determinación das disposicións das ditas reais ordenanzas que fosen aplicables.

Esta remisión á normativa específica tiña a súa razón de ser nos profundos cambios acometidos tamén na configuración legal do réxime xurídico deste instituto armado de natureza militar, tras a aprobación da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, e a Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, de réxime disciplinario da Garda Civil.

O estudo e análise do grao e alcance de aplicación das normas de conduta das Forzas Armadas ao corpo da Garda Civil, de forma que fose plenamente congruente con aquel, permitiu comprobar a plena aplicación aos membros do corpo da Garda Civil das reais ordenanzas das Forzas Armadas, na súa práctica totalidade, de aí que non resulte necesario ditar unha norma regulamentaria independente ou autónoma para este corpo, e que sexa preferible realizar a correspondente adaptación na normativa vixente.

Por isto, o obxecto deste real decreto é precisamente modificar de maneira puntual o Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, para especificar a aplicación das reais ordenanzas aos membros do corpo da Garda Civil, salvo naquilo que contradiga ou se opoña ao disposto na súa lexislación específica.

Así mesmo, recóllese a non aplicación a este corpo dos preceptos das reais ordenanzas intrinsecamente vinculados a operacións militares, como é o caso do previsto nos capítulos I, II, III e V do título IV, que só serán de aplicación a aqueles en tempo de guerra, durante a vixencia do estado de sitio, en cumprimento de misións de carácter militar ou cando se integren en unidades militares.

Destá maneira, resulta plenamente coherente a existencia dun único código de conduta aplicable a todos os militares, aínda que no caso da Garda Civil, coas excepcións propias das particularidades deste corpo.

En definitiva, mediante este real decreto, que consta dun artigo único e dunha disposición derradeira única, introdúcense os cambios necesarios no Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, coa finalidade exposta.

Na súa virtude, por proposta conxunta do vicepresidente primeiro e ministro do Interior e da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de novembro de 2010,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproban as reais ordenanzas para as Forzas Armadas.*

O Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproban as reais ordenanzas para as Forzas Armadas, queda modificado como segue:

Un. Engádese unha disposición adicional única no Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Limitacións á aplicación das reais ordenanzas para as Forzas Armadas aos membros da Garda Civil.*

Sen prexuízo do que dispón o artigo 2.2 das reais ordenanzas para as Forzas Armadas que se aproban neste real decreto, os capítulos I, II, III e V do título IV destas reais ordenanzas só serán de aplicación aos membros da Garda Civil en tempo de conflito bélico, durante a vixencia do estado de sitio, en cumprimento de misións de carácter militar ou cando se integren en unidades militares.»

Dous. O número 2 do artigo 2 das reais ordenanzas para as Forzas Armadas queda redactado da seguinte maneira:

«2. *Dada a súa natureza militar e a condición militar dos seus membros, estas reais ordenanzas serán de aplicación a todos os membros da Garda Civil, excepto cando contradigan ou se opoñan ao previsto na súa lexislación específica.»*

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de novembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO